

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO
EN DATA 23 DE DECEMBRO DE 2008.-**

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo (se incorpora á sesión no momento que se expresa na acta).
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a M^a del Carmen Silvar Canosa.
D. Juan Manuel Lourido González.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.
D^a Rita María Couto Seijido
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Edgar Antonio Vigo López
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocío Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral
D. Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dez horas e dez minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo (quen se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta), Don José Antonio López Rodríguez, D^a M^a del Carmen Silvar Canosa, Don Juan Manuel Lourido González, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, D^a Rita María Couto Seijido, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal D^a Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora:

D^a Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

10.- PREVIA RATIFICACION DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, ALEGACIÓNS AO PLAN SECTORIAL DE SOLO RESIDENCIAL DE GALICIA.-

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a urxencia do asunto ven motivada polo feito de que o prazo para formular alegacións ao Plan Sectorial de Solo Residencial de Galicia remata o día 26 de decembro.

A continuación, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde –Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión na orde do día do asunto, sendo ratificada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

Deseguido, dáse conta da proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2008 que, transcrita di:

“

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o proxecto de Plan sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas e informe de sustentabilidade ambiental do plan sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas.

Atendido que no Diario Oficial de Galicia núm. 207, de data 20 de outubro de 2008 publicouse anuncio do Instituto Galego de Vivenda e Solo no que se anuncia o sometemento a información pública e consultas polo prazo de dous meses contados a partir do seguinte ao da publicación do mesmo, para os efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación de determinados plans e programas no ambiente.

Visto o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 15 de decembro de 2008 (entrada 16.12.08, núm. rexistro 14567) que, transcrito di:

“Asto.: **INFORME TÉCNICO-URBANÍSTICO SOBRE O “PLAN SECTORIAL GALEGO DE SOLO RESIDENCIAL” / CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO – INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO. VERSIÓN OUTUBRO 2008.**

Remitido pola Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia – IGVS o PLAN SECTORIAL GALEGO DE SOLO RESIDENCIAL / Versión Outubro 2.008, ao Concello de Fene, trala publicación no DOG do 24 de outubro de 2.008, sométese a información pública durante un período de dous (2) meses para o seu exame e, no seu caso, formulación de observacións ao mesmo.

En consecuencia, analizado o documento inicial recibido, no sucesivo P.S.G.S., e á vista do seu contido, determinacións do vixente PXOM/Rev. 98 de Fene en materia de ordenación territorial e urbana e outras consideracións de competencia do que suscribe, o Enxeñeiro de Camiños Municipal emite o seguinte

INFORME:

relativo ao referido P.S.G.S. na súa afección ao Concello de Fene.

1.- Os Plans e Proxectos Sectoriais (de Incidencia Supramunicipal) están recollidos no Art. 4 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia, como un dos instrumentos previstos de ordenación do territorio.

Nos Arts. 22 (finalidade), 23 (documentación e determinacións), 24 (eficacia) e 25 (procedemento) da Lei 10/1995 recóllese unha regulación inicial, que se amplía no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

O obxecto dos plans sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo Art. 1º do Decreto 80/2000, é *“regula-la implantación territorial das infraestructuras, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia trascenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou que se asentem sobre varios termos municipais”*.

2.- A promoción e desenrolo dos plans sectoriais pode realizarse por iniciativa pública ou privada, correspondendo a declaración da incidencia supramunicipal ó Consello da Xunta de Galicia (Art. 13º.1), órgano competente para a súa aprobación definitiva e para acordar, se é o

caso, a declaración de utilidade pública ou interese social para os efectos expropiatorios (Art. 13º.4).

En consecuencia, aínda que existe un trámite de exposición pública e de posibles modificacións e correccións en función das alegacións e informes emitidos que poidan ser aceptados, a autonomía municipal en cuestión de ordenación do territorio queda supeditada e subordinada aos intereses ou competencias autonómicas.

3.- O P.S.G.S.R.-2008 é un Plan Sectorial de Incidencia Supramunicipal xa que afecta a numerosos concellos de Galicia, de forma interrelacionada ou non segundos casos, aparte da propia declaración documental.

No caso de Fene ten unha importancia fundamental en canto ás actuacións previstas, non só pola articulación e complementación do espazo urbano central de Perlío, senón polas afeccións ao planeamento actual e ás tramitacións municipais en marcha.

4.- Dentro dos aspectos e criterios xustificativos do P.S.G.S.R.-2008 recóllense relativos a:

- **Prezos do solo**, que *“alcanzan valores que imposibilitan a realización por parte da iniciativa pública ou privada de vivenda de protección pública en entornos urbanos de calidade e integrados”*.

Esta referencia, alomenos en Fene non parece correcta dado que, segunda información dispoñible e manifestacións de promotores dalgunha das A.P.E. afectadas, en tramitación municipal, resulta de interese a promoción de vivenda de protección aos prezos de solo de mercado.

Mesmo algunha das máis recentes actuacións residenciais foron destinadas a vivendas de protección.

- **Planeamento urbanístico municipal**, que é *“carente das previsións necesarias e resulta ineficiente para asegurar a disposición, nos tempos e condicións precisas, do solo adecuado para atender as necesidades de vivenda de protección”*.

Tampouco esta referencia resulta totalmente axeitada en Fene dado que o planeamento municipal de Fene considera diversas A.P.E. que poden ser desenroladas segundos varios instrumentos de planeamento (Plan Parcial, Estudio de Detalle, ...) e que, de feito, varias teñen tramitación municipal, paralizada por diversas razóns segundos casos.

Así, as A.P.E. 11 e 48, con tramitacións actualmente bloqueadas, e precisamente afectadas por inclusión parcial ou total no P.S.G.S.R.-2008 alcanzan unha edificabilidade total estimada de $53.300 + 8.985 = 62.285 \text{ m}^2$, o que permitiría unha edificación máxima de aprox. ata $574 + 96 = 670$ vivendas (de todos os tipos de protección e libres), cifra que supera folgadoamente a de 266 vivendas prevista no P.S.G.S.R.-2008.

- Donde a **dimensión das necesidades** de vivenda de promoción pública *“xustifica a previsión de actuacións sistemáticas de transformación de solo por medio da urbanización”*.

Descoñécense os datos de potenciais necesidades de vivenda de promoción pública en Fene, á vista da situación de progresiva perda de poboación que ven sufrindo o concello nos últimos anos.

Ademais de outros relativos a centralidade das propostas de actuación; accesibilidade e mobilidade; infraestructuras e servizos básicos e conexións cos sistemas xerais existentes.

5.- En canto aos criterios de localización respecto de factores locais o P.S.G.S.R.-2008 menciona a incorporación de solos públicos pertencentes ao IGVS e a varias administracións entre as que están as locais.

No caso de Fene, si ben é certo que na A.P.E. 11 de Centieiras existen solos de titularidade de organismos públicos (SEPES), non se realiza a inclusión dos mesmos no ámbito do P.S.G.S.R. co criterio xeral de afección de tales solos.

Xustifícase tamén a incorporación de solos que se atopen insertos na trama urbana ou, no seu caso, a seleccionar solos que minimicen as accións destinadas a incorporalos ás tramas urbanas do entorno, a garantía da viabilidade económica das actuacións propostas e da facilidade de xestión *“primando como criterio de selección das actuacións a presumible facilidade na xestión que pode derivar de unha menor complexidade da estrutura da propiedade, de menores afeccións ou mesmo da posibilidade de chegar a acordos coa propiedade de solo para a súa adquisición ...”*.

A xustificación das determinacións do plan sectorial están basadas en:

- Idoneidade dos emprazamentos.
- Viabilidade técnica.
- Accesibilidade e mobilidade.
- Infraestruturas urbanas: Abastecemento – saneamento – enerxía eléctrica.

Polo que se refire ás infraestruturas considéranse uns valores de dotacións e outros parámetros que se resumen nos seguintes:

- Dotación de abastecemento: 200 l/hab.día
- Factor de punta de consumo de abastecemento: $F_p = 2,4$
- Ocupación medida de vivenda: 2,7 hab/viv. (media en Galicia)
- Caudal contraincendios: 2 hidrantes como máximo de 100 mm de boca e autonomía de 1 hora.
- Saneamento de augas residuais: idénticos caudais que para o abastecemento.
- Enerxía eléctrica: considéranse ratios de consumo de 5750 W/viv. e valores de ratios para outros usos que resultan admisibles.

Sobre tales parámetros adoptados cabe indicar que as dotacións poden considerarse axeitadas (aínda que a dotación de abastecemento podería ser máis adecuado subila a 250 l/hab.día) pero non se considera referencia ningunha aos caudais de pluviais que, para períodos de retorno normais (1 a 5 anos) son moi superiores aos máximos de residuais e que requirirán seccións de conductos, con redes necesariamente separativas segundo previsto nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (pendientes de aprobación definitiva), probablemente superiores nos de pluviais aos propios de residuais.

6.- O aspecto reiterado de aposta do P.S.G.S.R.-2008 polas áreas centrais e pola compacidade como directriz para a ordenación pormenorizada dos solos de cada actuación, aspecto recollido dentro dos criterios das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia apréciase nas propostas para Perlío - Fene que abarcan ás A.P.E. 11, 16 e 48, situadas formando un espazo entre solo urbano consolidado que, unha vez desenrolado e á vista das condicións de ubicación, entorno equipamentos e servizos debe constituir a centralidade urbana real de Fene – Perlío.

7.- O aptdo. 4 do P.S.G.S.R.-2008 establece a relación do Plan Sectorial co planeamento urbanístico que para o caso de Fene, a través do PXOM/Rev. 98, corresponde a un planeamento non adaptado á Lei 9/2002 de O.U.P.M.R.G. e que, en consecuencia, en caso de aprobación do P.S.G.S.R.-2008 implicaría que, en principio, no prazo de un ano debería adaptarse o PXOM ás determinacións do Plan Sectorial.

Como se indicará posteriormente esta situación pode ter distintos efectos en Fene segundo se considere o estado de tramitación da prevista Revisión do PXOM/Rev. 98 actualmente en fase de inicio de expediente de contratación.

Debe facerse fincapé en que a previsión do P.S.G.S.R.-2008 é a execución das actuacións consideradas mediante o sistema de expropiación forzosa, o que haberá de quedar reflectido no planeamento municipal que se modifique tra-la aprobación do Plan Sectorial.

8.- En canto aos criterios de delimitación das actuacións do Plan Sectorial en relación co planeamento municipal contidas no aptdo. 4.1 recóllese no documento que *“Con carácter xeral a delimitación das actuacións do Plan Sectorial e o establecemento das determinacións para o seu desenvolvemento procura ter apoio no planeamento municipal e no modelo urbanístico por él definido, cos axustes precisos, cando así é mester, para garantir o cumprimento dos criterios e obxectivos do Plan Sectorial ...”*.

Esta manifestación non resulta correcta no caso de Fene por canto, como se detallará posteriormente, a inclusión parcial da A.P.E. 11 de Centieiras desvirtúa a consideración como unidade de solo recollida no PXOM/Rev. 98.

9.- O aptdo. 4.2 contén as medidas de articulación do Plan Sectorial co planeamento urbanístico que para Fene, incluído na Área Funcional de Ferrol, se resumen no seguinte:

<p>Concello de Fene</p> <p>Planeamento vixente:</p> <p>P.X.O.M, aprobado definitivamente en data 23/01/2003 e publicado o 27/02/2003.</p> <p>Articulación do planeamento municipal coas actuacións previstas no Plan Sectorial</p> <p>7-15035-01 PERLIO</p> <p><i>Determinacións do planeamento municipal vixente:</i></p> <p>O planeamento municipal vixente clasifica o solo incluído no ámbito de esta actuación como:</p> <table><tr><td>SOLO URBANO</td><td>8.755 m2</td></tr><tr><td>SOLO URBANO NON CONSOLIDADO</td><td>13.845 m2</td></tr><tr><td>SOLO URBANIZABLE</td><td>24.440 m2</td></tr></table> <p>Esta actuación do Plan Sectorial ven a incluír as delimitacións de dous ámbitos de solo urbano non consolidado, o A.P.E.16 e solo delimitado para Sistemas Xerais de Parques Públicos. Delimítase tamén o sector de solo urbanizable A.P.E.11 e o ámbito de solo urbano consolidado A.P.E 48. do planeamento municipal.</p> <p>Determinacións a modificar do planeamento municipal</p> <p>O planeamento municipal clasificará os solos incluídos na delimitación desta actuación como solos urbanizables agás aqueles que por reunir os requisitos establecidos no artigo 11 da Lei 9/2002 deban ser clasificados como solo urbano que, en todo caso, se incluírán na categoría de non consolidado. En calquera caso substituíranse, para a totalidade do ámbito, as determinacións do planeamento municipal polas que estableza, en desenvolvemento do presente Plan Sectorial, o correspondente Proxecto Sectorial.</p> <p>A tal efecto, modificarase o planeamento no prazo de un ano dende a aprobación do Proxecto Sectorial.</p>	SOLO URBANO	8.755 m2	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	13.845 m2	SOLO URBANIZABLE	24.440 m2
SOLO URBANO	8.755 m2					
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	13.845 m2					
SOLO URBANIZABLE	24.440 m2					

E que afectan ás A.P.E. 11 “Centieiras” de xeito parcial, e ás A.P.E. 16 “Cádavo Sur” e 48 “Río Cádavo” de xeito total cun total de 47.040 m² (ata os 53.653 m² de sup. delimitada).

As actuacións, concentradas en Perlío, desenrolaranse no primeiro quinquenio co seguinte desglose:

Actuación	VPA	VL	VPP	Total vivendas
1506-15035-01 Perlío	208	53	5	266

(VPA= Vivenda de Protección Autonómica; VL= Vivenda Libre; VPP= Vivenda de Promoción Pública)

De maneira que considerando a superficie total de actuación nas APE, 47.040 m², (inferior aos 53.653 m² de superficie total delimitada) corresponde unha ratio de 1 vivenda / 176,842 m² de solo (ou a 1 viv./201,70 m² de solo delimitado).

10.- No aptdo. 5 da Parte III indícase que para a determinación das actuacións do Plan Sectorial "... buscouse o máximo nivel de consenso coas administracións locais ... Para iso procedeuse á organización de reunións con todos os edís dos municipios afectados, así como con representantes dos seus servizos urbanísticos a fin de lograr a máxima adecuación entre as vontades locais, as determinacións contidas nos documentos de plan vixentes ou en tramitación e os propios obxectivos e criterios do plan".

Esta manifestación é incorrecta no que se refire aos servizos técnicos do Concello de Fene que non mantiveron ningunha reunión de tal tipo, o que se debe poñer de manifesto para evitar posibles interpretacións que puideran inducir á creenza de que a Oficina Técnica Municipal coincide necesariamente cos plantexamentos do Plan Sectorial.

Pola mesma razón, e como se detallará máis adiante, debe indicarse que tampouco é correcta a citada manifestación do aptdo. 5 en canto a que o Plan Sectorial se adapte ao PXOM/Rev. 98 ou a planeamento de desenrolo en tramitación no Concello de Fene; en particular polo que se refire ás A.P.E.'s 11 e 16.

11.- No aptdo. 6 relativo á xestión do Plan Sectorial (aplicación, execución e programación) reitérase que o Concello haberá de adaptar o seu planeamento urbanístico ás determinacións do plan sectorial quedando as actuacións de creación de solo para vivenda protexida ao que resulte dos correspondentes proxectos sectoriais que regulen detallada e pormenorizadamente a implantación dos ámbitos e sectores previstos, sendo executadas as actuacións previstas mediante o sistema de expropiación forzosa.

12.- As actuacións previstas en Fene (Perlío) resúmense numéricamente nos seguintes datos (nos que se recollen as 5 VPP citadas noutro punto do Plan Sectorial):

Sup. Delimitada (m ² s)	Superficie teito (m ² c)	Total Inversión (miles €)	Vivenda protexida		Vivenda libre		Outros u-sos superficie (m ² c)
			Superficie (m ² c)	Número vivendas	Superficie (m ² c)	Número vivendas	
53.653	32.192	6.853	20.603	208	5.151	53	6.438

Cos seguintes custos previstos segundos resúmenes directos contidos no documento:

SUP. DELIMITADA (m ² s)	SUPERFICIE TEITO (m ² c)	GASTOS URBANIZACIÓN (miles €)	CONVERSIÓN EXTERIORES (miles €)	TOTAL URBANIZACIÓN (miles €)	URBANIZACIÓN/ m ² SOLO (€)	URBANIZACIÓN/ m ² TEITO (€)	INDEMNIZACIONES (miles €)	GASTOS XESTIÓN (miles €)	ADQUISICIÓN SOLO (miles €)	ADQUISICIÓN/ m ² SOLO (€)	TOTAL INVERSIÓN (miles €)	INVERSIÓN/ m ² SOLO (€)	INVERSIÓN/ m ² TEITO (€)
PRIMEIRO QUINQUENIO													
A CORUÑA													

FERROL															
FINE															
1506-15035-01	PERLIO	53.653	32.192	1.920		1.920	36	60	518	221	4.193	78	6.853	128	213
TOTAL CONCELLO		53.653	32.192	1.920		1.920	36	60	518	221	4.193	78	6.853	128	213

FERROL															
FINE															
IMP. DE ARRENTA (m²)	SUPERFICIE TERREO (m²)	TOTAL ORGANIZACIÓN (m²)	INDICAM. CANTÓN (m²)	USOS DE DESTINO (m²)	TOTAL VIVIENDA (m²)	VIVIENDA PROTEXIDA SUPERFICIE (m²)	VIVIENDA PROTEXIDA SUPERFICIE (m²)	VIVIENDA LIBRE SUPERFICIE (m²)	OTROS USOS SUPERFICIE (m²)	VALOR PRODUCTO INDEMNIZANDO (m²)	VALOR PRODUCTO PORENFIANDO (m²)				
1506-15035-01	PERLIO	53.653	32.192	1.920	318	221	6.853	20.603	221	5.111	273	6.438	213	7.398	229
TOTAL CONCELLO		53.653	32.192	1.920	318	221	6.853	20.603	221	5.111	273	6.438	213	7.398	229

Outro cadro de datos pode resumirse no seguinte:

Sup. Delimitada	Sup. Teito	Vivenda protexida		Vivenda Libre		Outro usos Teito	Dotacións			Progración	Orzamento (miles de €)
		Teito	Nº Viv	Teito	Nº Viv		Zonas Verdes	Equipamento	Aparcamento		
53.653	32.192	20.603	208	5.151		6.438	19.500	4.500	161	1º Q	6.853

Ademais do anterior o Plan Sectorial inclúe planos xerais das actuacións propostas en relación co entorno e planeamento de Fene e un resume de texto, adxunto como Anexo 1 a este informe aos que proceden as seguintes observacións do aptdo. 18.

13.- A análise de viabilidade económica do Plan Sectorial está recollida no aptdo. 7 no que se fan diversas consideracións sobre custos de actuación, adquisición de solo, urbanización, etc., así como a previsión de valores de repercusión nos prezos finais de cada tipo de vivenda.

Non resulta procedente a análise relativa a previsións de custos de adquisición de parcelas por canto o Concello non está directamente afectado como titular agás no relativo aos servizos e vias existentes aínda que cabe indicar que os valores estimados (9,66 €/m² para indemnizacións + 78,15 €/m² para adquisición do solo) non parecen estar en liña cos coñecidos para a actuación do Plan Parcial da A.P.E. 11 de Centieiras e tampouco coas valoracións reais de solo, sin ben hai que considerar o feito da coxuntura actual na que os valores do solo en Fene para usos residenciais poden estar en diminución.

En todo caso, os propietarios afectados polo Plan Sectorial poderán alegar o que estimen procedente a os seus intereses neste punto.

Debe terse en conta sen embargo que algúns dos costes estimados, en particular os de urbanización e conexión cos servizos urbanos dos entornos das zonas de actuación só poden ter carácter de previsión en tanto non se redacten e liciten os correspondentes proxectos de urbanización que haberá de aprobar o Concello en función das súas competencias na materia.

14.- O aptdo. 8.5 recolle a determinación de usos no espazo afectado polo Plan Sectorial. Recóllese como usos característico o Residencial, en vivenda unifamiliar, multifamiliar e comunitaria, sin detalles específicos ou parámetros iniciais (fondo edificable, alturas máximas, número de plantas, etc.) para cada caso.

Como usos permitidos ou compatibles inclúense os seguintes:

- Terciario: uso comercio, oficinas, recreativo, hoteleiro e reunión.

- Garaxe – aparcamento.
- Industrial (categorías compatibles cos usos residenciais).
- Dotacional: educativo, sociocultural, asistencial, sanitario, servizo público, Administración Pública, relixoso, residencial dotacional e deportivo.
- Espazos libres e zonas verdes.
- Infraestruturas e servizos.
- Mobilidade urbana.

E como prohibidos ou incompatibles o uso Industrial, agás nas categorías admisibles por compatibilidade residencial.

O anterior deberá considerarse completado, no seu caso, cos aspectos específicos para o non regulado, cos correspondentes relativos a os mesmos usos do vixente PXOM/Rev. 98, sin prexuízo do que se estableza ao respecto no planeamento de desenrolo individualizado e particularizado para cada unha das áreas municipais afectadas.

En canto aos aspectos relativos aos usos o Plan Sectorial debe considerarse axeitado dende un punto de vista urbanístico debido a que ao tratarse dunha ordenación de planeamento en área central urbana de Perlío – Fene, debe tratar de compatibilizarse os usos que necesariamente teñen que ser característicos (residenciais) con outros complementarios e mesmo necesarios para a adecuada articulación de espazos urbanos como son a maior parte dos terciarios.

15.- De acordo co previsto no Decreto 80/2000 o Plan Sectorial, promovido e desenvolvido por iniciativa pública da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia desenvolverase mediante Proxectos Sectoriais, sedo o mecanismo de xestión do solo o de expropiación polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.

No Plan Sectorial non se contempla unha posibilidade de actuación privada, tal e como se iniciaron as tramitacións municipais das APE 11 e 48, nin siquiera si por parte dos promotores se pretendese edificación de vivenda protexida. Alomenos este punto debería ser revisado admitindo a participación privada na xestión e desenrolo do planeamento xa que a falta de aprobación final dos documentos de desenrolo das citadas A.P.E. 11 e 48, promovidas privadamente, non se pode imputar a falta de interese dos promotores.

16.- O apartado 8.7 relativo a “*Directrices para a redacción dos proxectos sectoriais*” resulta aclaratorio respecto do cumprimento e adaptación dos Proxectos Sectoriais individualizados aos diversos requerimentos de contidos establecidos na lexislación de aplicación: Lei 10/1995; Decreto 80/2000; Leis 9/2002 e 15/2004; Lei 6/2007 e Decreto 262/2007.

Na regulación aquí proposta os contidos requeridos van máis aló do establecido na Lei 10/1995 e Decreto 80/2000 por canto se establece a inclusión de criterios para o deseño de ordenanzas.

17.- No apartado 8.8 faise unha referencia ás normas de urbanización para a redacción dos proxectos sectoriais indicando que “*os Proxectos Sectoriais que se redacten en desenvolvemento deste Plan Sectorial deberán incorporar Normas de urbanización referidas ás condicións técnicas da urbanización e implantación das infraestruturas no ámbito de actuación. Na redacción destas normas estarase ó disposto pola Normativa sectorial que resulte de*

aplicación, e procurarase a adecuada coordinación coas normas de urbanización establecidas no planeamento municipal".

Debe terse en conta que a aprobación dos proxectos de urbanización corresponde ao Concello e que mesmo a propia urbanización haberá de ser entregada ao Concello para ostentación da titularidade pública municipal e conservación do dominio público de viais, espazos verdes, etc.


Por outra parte, o Concello de Fene non dispón dunha normativa específica de urbanización senón que para cada proxecto, aparte do cumprimento da normativa sectorial de aplicación directa (regulamento de accesibilidade, normas específicas de redes de servizos, etc.) aplícanse solucións individualizadas en función da actuación, tanto cando a promoción é pública (o propio Concello) como privada.

Neste senso, e considerando a competencia municipal en canto á aprobación dos proxectos de urbanización aínda que a Administración promotora sexa o I.G.V.S. debe facerse fincapé que o Concello non debería deixar de exercer esta obriga e que polo tanto non só debe tratar de "*procurarse a adecuada coordinación coas normas de urbanización establecidas no planeamento municipal*" senón que se debe facer constar á Consellería de Vivenda e Solo as competencias municipais neste punto e o dereito que asiste ao Concello ao establecemento de condicións sobre materiais, seccións, acabados, etc., da urbanización.

18.- Entrando no detalle da análise dos ámbitos incluídos en Fene no Plan Sectorial procede indicar que se recollen as 3 A.P.E. seguintes do vixente PXOM/Rev. 98:

- A.P.E. 11 "Centieiras" : Parcial.
- A.P.E. 16 "Cádavo Sur" : Casi-completa.
- A.P.E. 48 "Río Cádavo" : Completa.

cunha superficie delimitada de 53.653 m² e unha superficie total edificable de 32.192 m². O conxunto da superficie destinada a espazos libres e zonas verdes procurará acadar os 19.500 m².



Como criterios de ordenación recóllense:

“Ordenar o tecido en relación cos viarios existentes e fomentando a comunicación peonil entre o centro urbano e as dotacións situadas ó oeste do ámbito.

Agrupación dos espazos libres e equipamentos no entorno do regato de acordo o planeamento vixente, integrando os elementos naturais existentes para preservalos nos espazos libres e o máis preto das dotacións existentes.

Continuidade dos viarios existentes, reforzando a estrutura cun viario estruturante de conexión co viario principal AC-133 a través da rúa dos Mirtos e San Salvador. E consolidando o rueiro existente das rúas Paralela de S. Estevo, Queiroga e Tarrío.”

Ademais de incluír unha relación de estado de infraestruturas: abastecemento, saneamento, electricidade. Non se inclúen dentro dos servizos analizados os de comunicacións nin gas, que existen en todo o entorno da área afectada e aos que haberán de conectarse os previstos.

Da análise das consideracións sobre o estado e necesidade das infraestruturas de servizos aprécianse algúns datos erróneos como a referencia ao emprego do depósito de auga de 5.000 m³ de Fene (non empregado na práctica por razóns funcionais de presión), ou a referencia a que o saneamento “é dirixido cara a un foso séptico localizado no municipio de Seixo ...”.



Por outra parte, o plan “Infraestructura” que recolle as redes de abastecemento e saneamento (ver figura) aparece cruzado de forma totalmente aleatoria e imposible por trazas no entorno nin no interior da área delimitada (en particular polo que se refire aos servizos existentes no municipio de Tarrío) se corresponde coa realidade dos mesmos.

Deben actualizarse e correxirse as referencias erróneas dos servizos urbanos xa que condiciona os proxectos de urbanización que se deben resolver axeitadamente os enlaces dos servizos co entorno.

18.1.- A.P.E. 11 “Centieiras”.

O PXOM/Rev. 98 recolle esta A.P.E. 11 como ordenación diferida para desenvolvemento mediante Plan Parcial; Plan Parcial que, por iniciativa particular, foi tramitado e informado polo funcionario que suscribe aínda que razóns alleas ao Concello teñen bloqueada a finalización da tramitación que permita a aprobación definitiva, urbanización e edificación.

En opinión do que suscribe esta A.P.E. resulta fundamental para o desenvolvemento urbano de Fene tanto polo emprazamento, estruturación e enlace entre solos urbanos consolidados de Perlío como pola superficie afectada (82.000 m² segunda ficha contida no PXOM/Rev. 98, dos que o P.S.G.S.R.-2008 só inclúe unha parte) e a edificabilidade potencial (53.300 m²).

Sen dúbida esta área debe ser, pola potencialidade de edificación e a existencia de equipamentos e servizos na zona, parte esencial do núcleo urbano e de servizos de Perlío – Fene.

A ordenación prevista no PXOM/Rev. 98 e a recollida no P.P. tramitado e aprobado polo Concello (actualmente paralizado pola Administración de Xustiza por razóns non urbanísticas) contemplan unha graduación congruente de altura das edificacións propostas reducindo plantas entre a Avda. de Tarrío central e a Rúa Alta, zona ésta na que a edificación é fundamentalmente de tipo unifamiliar e por tanto en vivendas illadas.

Ademais, nas previsións da A.P.E. 11 inclúense os equipamentos actualmente existentes na área: Centro de Saúde e Mercado Municipal, xunto cunha parcela destinada a novos usos de tal carácter.

Sen embargo, no P.S.G.S.R.-2008 a área incluída só corresponde a unha parte da A.P.E. 11, de maneira que en caso de adopción da división proposta quedarían excluídos os actuais equipamentos de Centro de Saúde e Mercado Municipal ademais de que non se considera unha conexión coherente cos terreos situados entre a Avda. de Tarrío e a Rúa Alta.

Dende un punto de vista técnico-urbanístico de ordenación a división da A.P.E. 11, deixando sin execución un espazo desarticulado entre os dous viais citados, obviando a cesión do equipamento anexo ao actual Colexio de Centieiras e non prevendo a conexión polo Sur-Leste coa Rúa Alta, é incoherente e discriminatoria xa que deixaría para os terreos excluídos situados entre a Avda. de Tarrío e a Rúa Baixa unhas cargas de cesións para equipamentos, viais e dotacións e urbanización moi superiores ás que se aplicarán aos terreos incluídos.

En tales condicións, quedaría previsiblemente durante longo tempo unha bolsa de solo sin urbanización de aprox. $82.000 + 12.016 + 4.099 - 53.653 \text{ m}^2 = 44.462 \text{ m}^2$, dos que boa parte (aprox. 11.000 m²) corresponden a actuais equipamentos (Centro de Saúde + Mercado Municipal) e Avda. Tarrío, polo que na práctica este solo final de aprox. 33.000 m² deviría na práctica en residual en termos urbanísticos polos altos custos de urbanización para edificación.

A inclusión pois parcialmente do solo da A.P.E. 11 dentro do P.S.G.S.R.-2008 non se adecúa as previsións de ordenación do PXOM/Rev. 98, determinadas na proposta aprobada do Plan Parcial da propia A.P.E. 11 polo que, sin perxuro do que ao respecto poidan alegar os propietarios afectados, o funcionario que suscribe estima inadecuada, con criterios urbanísticos, de ordenación, articulación urbana e previsión de desenvolvemento futuro dos terreos excluídos a división da actual A.P.E. 11 do PXOM/Rev. 98.

18.2.- A.P.E. 16 “Cádavo Sur”.

Esta A.P.E. 16, de 12.016 m² de superficie, 12.530 m² de superficie total construíble e posibilidade de ata 120 vivendas segundo PXOM/Rev. 98 é incluída na práctica totalidade no P.S.G.S.R.-2008 agás terreos situados nas inmediacións da intersección da Rúa das Cañotas coa Rúa Queiroga.

Agora ben, estos terreos, excluídos da ordenación, quedan afectados pola previsión de enlace da referida intersección co vial que enlazará a área paralelamente ao cauce do Río Cádavo coa Estrada da Fraga.

Xunto ao anterior debe indicarse ademais que se inclúen terreos clasificados como solo urbano consolidado por ser as zonas “posteriores” das parcelas que dan frente á Avda. Marqués de Figueroa (AC-133 / Estrada da Palma) e mesmo unha zona de Solo Urbano Consolidado (S.U.C.) en norma zonal de Mazá Cerrada con frente á Rúa Queiroga.

Técnica e urbanísticamente pode resultar axeitada a ampliación da A.P.E. en canto a agregación de solos que corresponden ás zonas ao Sur das parcelas en S.U.C. con frente á Avda. Marqués de Figueroa para conquistar, mediante unha adecuada ordenación, o peche real de mazás para evitar fachadas antigas pouco estéticas a patios abertos, pero non resulta xustificada nin convinte a exclusión simplemente formal das parcelas situadas no extremo S-O da A.P.E. 16, colindantes coa A.P.E. 48, mentras que, pola contra, se agregan ao P.S.G.S.R.-2008 parcelas situadas en S.U.C. / Ordenanza de M.C. con frente á Rúa Queiroga que non só están formalmente en S.U.C. senón que, na práctica a rúa á que dan frente dispón de todos os servizos urbanos de maneira que só se precisaría, para poder permitir a edificación, unha conexión directa aos mesmos.

En resumo, a oportunidade de inclusión da A.P.E. 16 no P.S.G.S.R.-2008 resulta urbanísticamente convinte considerado no conxunto da actuación proposta (a reserva do que interese aos propietarios que poderán presentar as alegacións que resulten procedentes) como forma de artellar unha ordenación do espazo Norte do Río Cádavo ao tempo que rematando unha importante mazá delimitada pola Avda. Marqués de Figueroa, a Rúa da Fraga e a Rúa Queiroga e conquistando terreos que dean continuidade ao parque liñal do Cádavo como elemento fundamental estruturante de Perlío – Fene.

Agora ben, requírese unha revisión do criterio de delimitación para evitar os problemas apuntados, especialmente no entorno da intersección das Rúas Queiroga e Cañotas.

18.3.- Esta A.P.E. 48 “Río Cádavo”, de 4.099 m² de superficie e 8.985 m² de superficie total construíble e clasificada como Solo Urbano Consolidado (S.U.C.), con convenio urbanístico, segundo PXOM/Rev. 98 é incluída na totalidade no P.S.G.S.R.-2008.

Ademais engádense solos comprendidos ao S-E entre a referida A.P.E. 48, a A.P.E. 47 e unha vivenda próxima á parcela do Mercado Municipal.

Novamente cabe indicar que, en opinión do funcionario que suscribe, técnica e urbanísticamente pode resultar axeitada a ampliación da A.P.E. ao S-E en canto a agregación de solos que corresponden a zonas que permitirían rematar totalmente coa urbanización dos espazos entre a Avda. Marqués de Figueroa (AC-133) e o Río Cádavo neste tramo do mesmo pero resulta insuficiente sin non se articula e ordena a totalidade do solo, alomenos ata a Avda. de Tarrío xa que resulta imprescindible a consideración da ordenación dos viais entre estas áreas cruzando a calzada e beirarrúa sobre o Río Cádavo para permitir unha comunicación cómoda viaria entre as Avdas. de Tarrío (zona de equipamentos e comercial: colexios, centro de saúde, mercado) e do Marqués de Figueroa (área fundamentalmente residencial e terciaria / comercial na actualidade).

En resumo, a oportunidade de inclusión da A.P.E. 48 no P.S.G.S.R.-2008 resulta urbanísticamente convinte considerada no conxunto da actuación proposta (a reserva do que interese aos propietarios que poderán presentar as alegacións que resulten procedentes) como forma de artellar unha ordenación do espazo entre a Avda. Marqués de Figueroa e o Río Cádavo si ben se debe facer constar que existe tramitado un Estudio de Detalle para desenrolo por promoción privada deste espazo por aplicación do convenio urbanístico existente polo que esta circunstancia pode ser tida en conta aos efectos que interese ao Concello dado que as condicións do convenio, favorable en varios aspectos á Administración Local, poderían quedar eliminadas.

En consecuencia, o criterio de conveniencia urbanística de actuación de desenrolo da A.P.E. 48 para articulación dunha área importante de Perlío non prexulga a mellor maneira de execución, ben mediante a inclusión da A.P.E. dentro do P.S.G.S.R.-2008, ben mediante iniciativa particular como se plantexou no Estudo de Detalle tramitado.

En todo caso, a ordenación deberá integrarse perfectamente no entorno Norte, Sur e Leste ao tempo que resolve-la continuidade coa A.P.E. 11 de Centieiras polo Sur-Leste, o que non está contemplado na previsión, pouco detallada a este respecto, do P.S.G.S.R.-2008.

19.- En resume, o P.S.G.S.R.-2008 contempla para Perlío – Fene unha actuación resumida nos seguintes valores de delimitación, edificación e importe de execución (sin considerar os custos efectivos de construción das vivendas):

Sup. delimitada (m ² s)	Superficie teito (m ² c)	Total inversión (miles €)	Vivenda protexida		Vivenda libre		Outros usos superficie (m ² c)
			Superficie (m ² c)	Número vivendas	Superficie (m ² c)	Número vivendas	
53.653	32.192	6.853	20.603	208	5.151	53	6.438

e inclúe total ou parcialmente 3 das A.P.E. recollidas no vixente PXOM/Rev. 98 de Fene:

- A.P.E. 11 “Centieiras” : Parcial.
- A.P.E. 16 “Cádavo Sur” : Casi-completa.
- A.P.E. 48 “Río Cádavo” : Completa.

En primeiro lugar deben reiterarse varias deficiencias do documento xa detalladas:

- Falta de precisión das afeccións.
- Inadecuación do Plan Sectorial ás previsións do PXOM/Rev. 98 en canto á falta de correspondencia coas delimitacións das A.P.E.'s afectadas que están perfectamente delimitadas e, no conxunto do Plan Xeral representan unha ordenación coherente do espazo central de Perlío no entorno da Avda. de Tarrío e Río Cádavo.
- Incorrección das referencias de servizos urbanos na zona aos que haberán de conectarse os que, no seu caso, se dispoñan dentro das obras de urbanización.
- Obsolescencia da información gráfica empregada.
- Insuficiencia do detalle da ordenación prevista para o ámbito.

En consecuencia, aínda apreciando que, como se indicou no punto 6 resulta favorable en termos urbanísticos e de eficiencia dos servizos urbanos a aposta do P.S.G.S.R.-2008 polas áreas centrais e pola compacidade como directriz para a ordenación pormenorizada dos solos de cada actuación, aspecto recollido nos criterios das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, o que se contén nas propostas para Perlío - Fene que abarcan ás A.P.E. 11, 16 e 48, situadas formando un espazo entre solo urbano consolidado que, unha vez desenrolado e á vista das condicións de ubicación, entorno equipamentos e servizos debe constituir a centralidade urbana real de Fene – Perlío, debe indicarse que a exclusión de áreas fundamentais da A.P.E. 11 rompe co esquema xeral de ordenación plantexado polo vixente PXOM/Rev. 98 de Fene.

En consecuencia, o P.S.G.S.R.-2008 non pode ser informado favorablemente nos aspectos estritamente técnico-urbanísticos xa que, en interpretación do funcionario que suscribe a inadecuación do Plan Sectorial ás previsións do PXOM/Rev. 98 en canto á falta de correspondencia coas delimitacións das A.P.E.'s afectadas que están perfectamente

delimitadas representa unha ordenación incoherente (por insuficiente ao deixar zonas residuais) do espazo central de Perlío no entorno da Avda. de Tarrío e Rúa Baixa.

En canto á oportunidade e interés para o Concello, unha ordenación conxunta do espazo central de Perlío será sen dúbida interesante dende un criterio de funcionalidade urbana e de eficiencia dos servizos como se indicou o que na práctica xa estaba xustificado polas tramitacións anteriores das fguras de desenrolo das A.P.E. 11 e 48 polo que calquera actuación similar debe considerarse convinte pero sempre que se entenda de maneira conxunta e coherente coas restantes determinacións e previsións do Plan Xeral, algo que no caso presente non se da.

Obviamente as anteriores consideracións poden diferir dos intereses individuais ou de conxunto dos propietarios de parcelas afectadas polo que en tal caso haberán de ser os mesmos quen presenten as alegacións que estimen procedentes.

En todo caso, debo facer fincapé en que, como se indicou no puntos 1 e 2 do presente informe os Plans e Proxectos Sectoriais (de Incidencia Supramunicipal), recollidos no Art. 4 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia e no Decreto 80/2000, de 23 de marzo, como un dos instrumentos previstos de ordenación do territorio que teñen por obxecto "*regula-la implantación territorial das infraestructuras, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia trascenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou que se asenten sobre varios termos municipais*" son competencia en canto á aprobación definitiva para acordar, se é o caso, a declaración de utilidade pública ou interese social para os efectos expropiatorios (Art. 13º.4) do Concello da Xunta de Galicia polo que non se precisa aprobación por parte do Concello para que se poida levar finalmente a termo.

A aprobación definitiva pois no seu caso do Plan Sectorial, tanto na redacción que aquí se informa como en caso de modificación, obligará á súa vez á modificación para adaptación do PXOM/Rev. 98 de Fene nas determinacións que resulten e nos prazos que se establezan o que suporá un custo para o Concello agás que se inclúan tales taballos dentro dos de revisión do Plan Xeral xa publicitados.

A Corporación pode analizar a oportunidade de aprobación do P.S.G.S.R.-2008 en canto aos efectos de edificación e de posible incremento de poboación en Fene así como dos aspectos de incidencia económica a medio prazo pola propia construción das edificacións. Este aspecto non procede sexa analizado nun informe técnico.

O que se informa aos efectos oportunos, en Fene, a 15 de decembro de 2.008.

O Enxeñeiro de Camiños Municipal:

Lino Ameneiro Seijo

Anexos:

- 1.- Follas e Planos resume do P.S.G.S.R.-2008 (1+ 7 páxs.).
- 2.- Fichas das A.P.E. 11, 16 e 48 do PXOM/Rev. 98 de Fene (1 + 12 páxs.).

Visto o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial adoptado en sesión extraordinaria celebrada en data 22 de decembro de 2008.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aceptar o informe emitido polo enxeñeiro de camiños canles e portos municipal transcrito na parte expositiva do presente como alegacións deste Concello ao Plan sectorial anteriormente citado.

Segundo.- Propoñer ao Instituto Galego de Vivenda e Solo como posibles alternativas as seguintes áreas de planeamento específico: APE 22, APE 16, APE 5, APE 21, APE 34, APE 48, APE 23.

Terceiro.- Remitir certificación do presente acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo xunto cunha copia do informe emitido polo enxeñeiro municipal de camiños, canles e portos municipal.

Fene, 22 de decembro de 2008.

O ALCALDE

Asdo: Iván Puentes Rivera.”

Aberto o turno de intervencións intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que as alegacións foron presentadas na comisión informativa de Desenvolvemento Territorial para coñecemento de todos os grupos e dos veciños afectados da APE de Centieiras concretamente; que a proposta que ven da comisión é a de aceptar o informe emitido polo enxeñeiro de camiños canles e portos municipal transcrito na parte expositiva como alegacións deste Concello ao Plan sectorial anteriormente citado, é dicir, que as alegacións que o técnico municipal fai a este plan se asumen como alegacións deste concello e propón que se engada á proposta do goberno que ,por unha banda, non se afecte a vivendas habitadas de veciños e veciñas deste Concello, agás que exista acordo con eles, e optar como estratexia para dotar de terreos a ese plan sectorial de vivendas en Fene en primeiro lugar pola negociación cos propietarios fronte á expropiación; di que, dado que a Consellería de Vivenda na reunión mantida con eles lles solicitaron que o Concello ofrecera diferentes bolsas de terreos, propónse unha serie de APES que poden ser susceptibles de utilizar cos condicionamentos citados de non afectar a vivendas e de negociar sempre os terreos, e que serían as APE 22, APE 16, APE 5, APE 21, APE 34, APE 48, APE 23; di que en todo caso é unha proposta de máximos , porque nestas APES caben moitísimas máis vivendas das que se ían facer na zona de Centieiras, e que dentro deste marco o goberno e a corporación municipal negociará coa Consellería de Vivenda cáles son as máis idóneas para acometer esta obra, tendo en conta que o Concello e o goberno entende como máis idóneas aquelas que están sen chegar ao extremo de Centieiras, onde xa hai un acordo entre os veciños e promotores, aquelas que teñan un único propietario ou que supoñan un menor prexuízo para os veciños e veciñas afectados/as, e co compromiso da Consellería de Vivenda de escoitar as demandas do Concello e de facer caso, sempre que xuridicamente sexa posible, ao que desde o Concello se lle transmita, tanto no relativo a retirar a APE de Centieiras do Plan como no de incorporar esas novas APES que non supoñan trastorno para os veciños; di que polo tanto, se os grupos políticos o consideran, someterá a votación a proposta co engadido ao que fixo referencia e que foi falado entre os grupos previamente, e que na rolda de intervencións os grupos dirán se están de acordo con esta emenda que está falada previamente e si se somete a votación o texto emendado ou o texto que ven ditaminado pola comisión.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que queren xustificar o seu voto tal e como fixeron na comisión e di que o seu compromiso é votar a favor de que se exclúa a APE de Centieiras do plan sectorial de solo residencial de Galicia, pero que queren anunciar que se lles vai facer votar algo máis co que non están de acordo e que pese a que onte na comisión propuxeron que esa alegación constase de varios puntos, neste caso dous que agora se amplían a catro, non se lles fixo caso e se ven obrigados a votar unha alegación sinalando solo nestas Apes que se relacionan, algo có que eles non están de acordo porque están en contra do plan sectorial para Fene polas razóns que dirá; continúa dicindo que, polo tanto, o seu voto ten que ser si para que se retire Centieiras do plan sectorial, pero que ese si vai conlevar implícitamente que están designando estas Apes tamén

para que se leve adiante solo residencial en Fene e eles con iso non están de acordo e cren que é trasladar un problema a outro sitio, porque estes veciños non foron escoitados; di que a día de hoxe non saben con quen di a Conselleira que se consensuou o plan en Fene, porque, polo visto, estaba sen consensuar, senón non se estaría a facer esta alegación, e sen consensuar segue porque estanse designando unha serie de Apes onde hai varios propietarios que non saben absolutamente nada, e que van ser no seu día, se é o caso, obxecto de expropiación por parte da Consellería; que eles están en contra do plan sectorial de solo residencial por unhas razóns moi simples; que o Concello de Fene ten desde hai moitos anos un plan de urbanismo onde están perfectamente delimitadas as áreas onde se pode construír en Fene, e Fene está planificado, ben ou mal, desde hai moitos anos ,polo que non aceptan que veña a Consellería e lles imponha o sitio onde vai querer ela facer vivendas, porque iso é un atentado á autonomía municipal; di que cren que entre o desenvolvemento do plan de Centieiras, a promoción privada, e a vivenda de protección oficial que se poida crear entre o Concello e a Consellería, está cuberta a demanda en Fene por moitos anos, por desgraza; que quere lembrar que este plan de solo residencial non é un plan de vivendas protexidas nin de vivenda pública; que este plan o que fai é expropiar ou comprar os terreos aos propietarios e logo sacar ese terreo ao mercado, polo que non é vivenda social; que cren que este plan é simplemente electoralista, para cubrirse as costas agora, despois de catro anos sen facer nada porque esta Conselleira foi incapaz de poñer nin unha soa vivenda social no mercado, xa que todas as que está a entregar son as que lle veñen da Xunta anterior, e agora se lles descarga con este plan xustificándoo en base á supramunicipalidade; que cre que este plan, se vai adiante, vai ser recorrido e que pensa que os tribunais en base á autonomía local garantida pola Constitución o van tumbar; di que quere que quede ben claro que o seu voto vai forzado.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que este tema foi tratado na comisión e se mantén no compromiso de sacar do plan sectorial da APE de Centieiras, así como que tamén tratouse do que falou o Sr. Alcalde de que non se afecten aos veciños; di que a vivenda social en Fene é necesaria como noutras partes e que os prezos sexan asequibles polo que haberá que tratar de conxugar esas dúas cousas; que tamén falou, e coinciden niso, de que se opte sempre pola negociación antes dunha expropiación e que se sinalaron unha serie de Apes nunha orde determinada para facer as vivendas, con esas catro matizacións, aínda que tamén son conscientes de que a Ape que se vaia ver afectada ,o propietario fará as alegacións que crea correspondentes, pero que cre que con iso queda salvada a situación. Remata dicindo que con todas esas matizacións vai votar a favor do que se propón.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que está claro o obxectivo desta alegación: primeiro quitar a zona afectada da Ape de Centieiras do plan sectorial de vivenda, xa que hai uns dereitos consolidados por parte dos propietarios que entenden que hai que respectar e, ao mesmo tempo, tamén entenden que o plan sectorial hai que darlle opcións alternativas a esta Ape 11; que hai unha serie de Apes que desenvolven o plan de urbanismo que xa se comentaron antes a 16, a 22, a 23, a 5, a 21, que forman máis de setecentas vivendas, é dicir, que a Consellería ten marxe máis que de sobra para buscar unha solución óptima para dúas cuestións: a primeira obter o solo suficiente para ter ese fondo, para ter durante dez anos a proxección de ter solo taxado a un prezo non superior a cento vinte e cinco ou cento cincuenta euros metro cadrado de venda aos promotores privados, que é do que se trata, de que os constructores e as promotoras poidan vivir e seguir traballando, pero sen o modelo do Partido Popular, sen o modelo de especulación; di que co plan sectorial de vivenda o que se consegue é a intervención desde o público, unha intervención moi necesaria para asegurar mercado de vivenda a uns prezos regulados e taxados, porque efectivamente aí vai haber todos os tipos de vivenda pero a uns prezos modulados desde a propia Consellería, que é como debe de ser, para que a xente normal non teña que hipotecar toda a súa vida para comprar unha vivenda, de xeito que as hipotecas non duren máis que vinte e cinco anos e que os prezos sexan prezos normais. Continúa o Sr. Polo Gundín dicindo que en canto ao tema de negociación, di que o plan

sectorial negociouse desde o principio e non limita a autonomía municipal; que a Consellería de Vivenda convocou aos Alcaldes a diversas reunións para explicar en qué consistía o plan, cal era a súa filosofía, cal era a súa liña de actuación, e posteriormente foi publicado e tivo dous meses de exposición, cando a lei fala dun mes; que se lle compare isto có que fixo o Sr. Cuiña no 2002 coa Lei 9/2002, que se aprobou o 30 de decembro e entrou en vigor o 1 de xaneiro e que deixou absolutamente toda a zona rural deste Concello, todo o solo rústico mangado dun día para outro, ou a lei dos cincocentos metros, polo que cando se fala de procesos negociadores e de autonomía municipal teñen que ser conscientes que cada administración ten que exercer as súas competencias; que para eles o plan sectorial da vivenda é unha ferramenta positiva que vai axudar a desenvolver solo urbano no Concello de Fene, vai axudar a abrir rúas e, sobre todo, vai axudar a que Fene teña un parque de vivenda proxectada a dez anos a uns prezos taxados e cunhas hipotecas razoables, e non o modelo especulativo e inflacionista, que era o modelo do Partido Popular.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que esta alegación responde, primeiro a un acordo do conxunto dos grupos municipais e tamén ás inxerencias dos veciños afectados da APE 11 e que cre que os compromisos acadados no seu momento se cumpren con esta alegación; que este plan sectorial é unha ferramenta nun contexto moi determinado; que todo o mundo sabe da paralización dun modelo urbanístico en España e en Galicia en particular, que deu quebra e van pasar anos onde a construción vaise ralentizar de tal xeito que afecta ao emprego, polo que como institución non se pode renunciar a unha ferramenta que plantexa a Consellería de Vivenda que é a compra de solo para facilitar que a construción siga a facerse; que eles non están en contra do plan sectorial como xa dixeron desde o primeiro momento, e que o que plantexan desde a institución é consensuar coa Consellería cómo se aplica, neste caso, no Concello de Fene; que non queren que o plan sectorial se aplique na APE 11 porque hai un plan parcial aprobado pola Corporación, un acordo cos veciños, e uns promotores en marcha. Continúa a súa intervención o Sr. Rodríguez Carballeira e manifesta que quere facer algunhas precisións ao voceiro do partido popular; que a alegación pode ter vinte puntos, pero que se fai unha e non vinte, e cunha serie de condicións, entre elas que ningunha casa sexa afectada e que se faga un proceso de negociación; que non ten sentido meter nada do ambulatorio porque xa vai que se exclúa a APE 11, e vai todo implícito; que outra cousa é que se o partido popular a nivel xeral está en contra do plan sectorial é unha decisión deles; que aquí ninguén lles obriga a votar si, polo que poden votar si, non, ou absterse, xa que cada grupo é libre para saber o que ten que votar; que outra cousa é querer quedar ben cuns e con outros, e que o tema é que queren quedar ben co partido popular, que lles manda votar non, e cos veciños teñen unha posición diferente, pero que ese é un dilema do grupo popular que teñen que resolver.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que en canto os pasos previos ao plan sectorial de vivenda, como alcalde foi avisado un día polo delegado provincial da Consellería de Vivenda que lle ensinou os planos, veu o que lle afectaba a Fene e lle dixo que o plan o compartía, e que lle parecía oportuno que Fene estivese incluído dentro do mesmo pero que nesa mesma reunión, alto e claro lle plantexou que a APE 11 tiña que quedar excluída dese plan; que ademais alegou dúas cuestións: en primeiro lugar, que había un acordo cos veciños para poder edificar nesa zona e que, ademais, había tamén un proceso xudicial que nestes momentos tiña paralizada esa actuación e que, polo tanto, eran dúas dificultadas as que tiña a inclusión desa zona; que posteriormente volveu a falar co delegado e que este é un borrador, para que o Concello o estudie e plantexe alternativas e que a Consellería estudiará as alternativas que o Concello plantexe, polo que o feito de que estivese no borrador inicial non quere dicir que o Alcalde nesa reunión non vise esa dificultade, que si que a veu, e que non lle plantexase ao delegado provincial a súa exclusión, que si o fixo; que outra cousa é que tratábase dun borrador e que con esta salvidade, que sabía que o Concello de Fene ía plantexar, se remitíu ao Concello para que agora poida alegar e se exclúa a APE de Centieiras do plan sectorial de vivenda. Continúa dicindo que outra cuestión de matiz verbo do

que dicía o voceiro do Partido Popular, é que o plan sectorial de vivenda ven aplicado e consensado cos Concellos e cos gobernos e o defende e lle parece un plan importante, porque a concellos como Fene, que neste momento padece ,como outros moitos ,unha crise inmobiliaria moi importante que impide medrar en número de habitantes, impide recadar en número de recursos do Concello e impide ter máis recursos para poder prestarlle servizos aos vecinos; que nesa crise, este plan sectorial de vivenda vai permitir desenvolver nos vindeiros anos, e vai permitir poder urbanizar zonas que nestes momentos son difíciles de urbanizar, vai permitir facer parques públicos, entramado urbano, en definitiva, vai permitir vertebrar o pobo como permitirá a APE 11 o día que se poida desenvolver; que a postura cómoda é dicir que respaldan o que piden os veciños de Fene de que iso se saque de aí e desentenderse de onde se aplique o plan sectorial en Fene, pero que como Alcalde non vai renunciar a que este pobo poida ter vivendas, parques públicos, rúas, a que se poida desenvolver e que non vai renunciar a que os veciños e veciñas de Fene poidan ter dentro duns anos vivenda impulsada pola Consellería de Vivenda e pola Xunta de Galicia a prezos asequibles, sexa de protección, oficial ou libre, pero en todo caso a prezos taxados e asequibles, ou máis asequibles que a vivenda libre para a maioría de veciños/as de Fene.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o voceiro do BNG dixo que este plan foi consensado, e se fora así non tiña por qué plantexarxe agora este problema; que o que non pode ser é que uns creen o problema e outros se erixan despois nos conseguidores e solucionadores do mesmo.

(Incorpórase á sesión o Concelleiro D. Antón Lois Noceda Carballo sendo as dez horas e corenta minutos).

Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e di que oxalá se abarate a vivenda si se leva adiante o plan pero que o dubida moito, porque están a poñer solo en mans de promotores privados para facer vivenda de protección oficial que resulta tan cara moitas veces como a de promoción libre; di que se o plan fora moi bo, os propietarios non ían protestar e o están a facer; que respecto a que eles non votan o que non queren e que queren quedar ben con uns e con outros, non é así; que eles van votar si porque tiñan quedado todos os grupos políticos en sacar a Ape de Centieiras do plan sectorial, e que iso era un punto exclusivo, pero que se vai haber máis puntos a introducir nesta alegación pódese facer unha, dúas, tres, catro ou as que se queira, ou incluso, dentro desa alegación podería haber un, dous, tres, catro puntos e votar cada punto, motivo polo que di que van obrigados a votar; que se nunca se designou por parte do Concello a Ape 11 para que formara parte do plan sectorial, pregunta por qué teñen que designar agora todas esas Apes que se propoñen.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o Partido Popular se abstivo na Ape de Centieiras no seu día e a Ape saíu adiante, polo que hoxe pode absterse, xa que malo será que isto non saia adiante; que por outro lado o Partido Popular pode alegar porque como é un proceso aberto, poden facer as súas alegacións e non teñen por qué sentirse condicionados polo que pense a maioría do pleno do Concello; que poden alegar a nivel persoal ou como grupo político; que o proceso non pode ser máis transparente, máis claro e máis contrastado e que desde o seu punto de vista se soluciona o problema de Centieiras e se xeran as alternativas posibles, que son as Apes citadas e que dentro desas hai máis que de sobra para escoller ao obxecto de ter duascenas e pico vivendas que desenvolvan tramo urbano no Concello, que é o que lles importa, e ter ademáis dous elementos, vivenda, prezo asequible e que a xente que se dedica á promoción e á construción teña tamén opción a comprar solo a prezos taxados e saber que teñen un nivel de mercado que a Consellería axuda a regular.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que o motivo da designación de Apes alternativas é una cuestión moi sinxela; que a Consellería fai un borrador que remite e que en Fene ten un problema concreto ,que se chama Ape 11, e a Xunta ofrece a posibilidade

de retirar esa Ape 11 que é a demanda que lle fan os grupos políticos e os veciños de Fene, polo que se retira pero o responsable e serio por parte do Concello de Fene é dicir en qué zonas poden desenvolver o plan sectorial de vivenda sen que haxa estes problemas para que esas vivendas que estaban contempladas na Ape 11 non se perdan e se poida facer vivenda de protección en Fene noutra zona que non xere os problemas que xera na Ape 11. Continúa o S. Alcalde dicindo que sabe que o Partido Popular ten un problema serio coas vivendas de protección xa que, de feito, cando gobernou non fixo ningunha vivenda de protección.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o tema de designar as Apes entende que é un acto de goberno e que eles como goberno poden facelo perfectamente e non ten nada que obxectar a iso, pero que non lle fagan entrar ao Partido Popular a participar dun acto de goberno do que non queren participar.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que a estas alturas se lle diga que se senten obrigados a votar non lle parece normal, xa que poden votar si, non ou absterse; que él cando non ten clara unha cousa e non ten elementos para opoñerse nin para votar a favor ,abstense, e que esa posición a poden utilizar, pero que o que parece que lles molesta ao Partido Popular é que se resolva un problema.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que quere matizar que o plan sectorial de vivenda lle parece unha cousa tan sinxela ; a Consellería de Vivenda adquire solo a un prezo bastante razoable, o urbaniza e o saca a concurso, ese é o proceso, e de aí vai saír vivenda a un prezo controlado, non barato. Continúa o Sr. Pico Sanmartín dicindo que pediríalle a este goberno que se puxeran a traballar e que as vivendas que Narón e Arteixo non queren se traian para Fene , xa que sería moi bo.

Rematadas as intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a emenda á proposta formulada que é a seguinte:

- Adicionar á proposta dous puntos, que serán o terceiro e cuarto, có tenor literal que a seguir se expresa, pasando o terceiro punto da proposta a ser o quinto:

Terceiro.- Que non se afecte a ningunha vivenda en uso dentro do termo municipal de Fene, agás que exista acordo có propietario.

Cuarto.- Que de cara á obtención dos terreos se opte sempre como primeira vía pola negociación cos propietarios fronte á expropiación.

O Pleno da Corporación en votación ordinaria acorda por unanimidade aprobar a emenda.

A continuación polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2008 coas modificacións que resultan da emenda aprobada, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2008 coas modificacións que resultan da emenda aprobada, quedando, polo tanto a parte dispositiva do acordo redactado como segue:

Primeiro.- Aceptar o informe emitido polo enxeñeiro de camiños canles e portos municipal transcrito na parte expositiva do presente como alegacións deste Concello ao Plan sectorial anteriormente citado.

Segundo.- Proponer ao Instituto Galego de Vivenda e Solo como posibles alternativas as seguintes áreas de planeamento específico: APE 22, APE 16, APE 5, APE 21, APE 34, APE 48, APE 23.

Terceiro.- Que non se afecte a ningunha vivenda en uso dentro do termo municipal de Fene, agás que exista acordo co propietario.

Cuarto.- Que de cara á obtención dos terreos se opte sempre como primeira vía pola negociación cos propietarios fronte á expropiación.

Quinta.- Remitir certificación do presente acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo xunto cunha copia do informe emitido polo enxeñeiro municipal de camiños, canles e portos municipal.”

2º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, APROBACIÓN DO “PROXECTO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE FECAIS EN NÚCLEOS RURAIS DE SAN MARCOS”.-

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a urxencia do asunto ven motivada pola necesidade de remitir o proxecto aprobado á Consellería de Medio Ambiente antes de final de ano para que poida ser incluído canto antes no financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia , polo tanto poder executar a obra o antes posible.

De seguido, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión na orde do día do asunto, sendo ratificada por unanimidade.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2008 que, transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Visto o proxecto de “Abastecemento e saneamento de fecais en núcleos rurais de San Marcos” redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Don Marcelino López Méndez de data novembro de 2008.

Visto o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 19 de decembro de 2008 que transcrito di:

“Asto.: **INFORME SOBRE “PROXECTO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE FECAIS EN NÚCLEOS RURAIS DE SAN MARCOS”.** Consultor: PROYFE, S.L.. Autor: **Enxeñeiro de Camiños D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ.** Novembro 2.008. **Importe total investimento: 1.810.706,07 €**

En relación co proxecto de obras do asunto o Enxeñeiro de Camiños Municipal emite o seguinte INFORME:

1.- O Proxecto do asunto inclúe obras fundamentalmente de abastecemento e saneamento a San Marcos e restantes núcleos e vivendas do entorno na parroquia de Sillobre, co seguinte resume de unidades:

- Abastecemento.

- Arranque de abastecemento no depósito a ubicar en Punxeiro á cota aprox. + 332, pendiente de execución dentro das obras previstas de abastecemento a Magalofes.
- Conducción de abastecemento por gravidade mediante tubería de FD ϕ 100 mm que discorre pola estrada provincial CP-3503 ata San Marcos, cruza a CP-1503 mediante perforación dirixida entubada e segue pola mesma CP-3503, CP-1503 e viais municipais para distribución na zona.
- Rede de distribución de San Marcos ata Beelle en tubería de FD ϕ 100 mm, seguindo a CP-3503, de 1480 m de lonxitude.
- Rede de distribución pola estrada CP-1503.
- Rede de abastecemento a núcleos de San Marcos, A Vrea, Ribeira, Barreiro, Beelle e Ameneiro mediante tuberías de PE ϕ 90 mm e PE ϕ 63 mm.
- Rede de abastecemento a Buio, A Rañoa e Ulfe, a partir da CP-1503, mediante tuberías de PE ϕ 90 mm e PE ϕ 63 mm.

Todos os tramos inclúen os necesarios accesorios (chaves, válvulas, desaugues, derivacións, etc.).

- Saneamento.

A rede de saneamento proxectada inclúe colectores en tramos de gravidade para recollida de núcleos ata puntos de bombeo por razón da topografía das zonas servidas, 2 impulsións e tramos de gravidade ata a conexión coa rede da zona urbana de Sillobre na CP-1503.

Inclúense:

- Colectores de recollida dos núcleos de San Marcos, Ribeira, Barreiro, Beelle, A Vrea, Curveira, Ameneiro, Reboredo, Gándara, Ulfe e Buio.
- Colector en PVC ϕ 315 mm de conexión a través da CP-1503 ata Sillobre.
- 2 impulsións con tubería de PVC orientado ϕ 110 mm.
- Reposicións.

Inclúense as reposicións de todos os pavimentos nas zonas e viais afectados.

Como parámetros máis importantes das obras proxectadas poden resumirse os seguintes (extraídos do apartado 4 da Memoria):

- 5.487 m de tubería de abastecemento de FD ϕ 100 mm.
- 6.258 m de tubería de abastecemento de PE ϕ 90 mm.
- 968 m de tubería de abastecemento de PE ϕ 63 mm.
- 59 Válvulas de comporta.
- 5 Válvulas reductoras de presión.
- 9.287 m de tubería de saneamento de PVC corrugado ϕ 315 mm.
- 1.615 m de tubería de impulsión de PVC orientado ϕ 110 mm.
- 220 Pozos de rexistro de saneamento.
- 2 Pozos de bombeo.

- 2 Bombas sumerxibles de Pot. = 7 kW.
- 2 Bombas sumerxibles de Pot. = 11 kW.

2.- O proxecto inclúe os documentos básicos ou mínimos necesarios requeridos polo Art. 107 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (L.C.S.P.) e 125 a 133 do Regulamento da L.C.A.P. (R.X.C.): Memoria e anexos (incl. Estudio de Seguridade e Saúde), Planos, Prego de Condicións e Presuposto, para a definición das obras, si ben proceden as observacións puntuais que seguen.

Inclúese ademais a declaración de obra completa no apartado 13 da Memoria segundo requerido polas normas de contratación pública.

A efectos do previsto no Art. 93.2 da L.C.S.P. o funcionario que suscribe debe manifestar que, en caso de interese municipal nunha posible división en lotes a efectos de contratación das obras, o que non está previsto no proxecto, tal división virá condicionada polo tipo de obra en canto á posibilidade de posta en servizo de forma individualizada de cada lote (p. ex. non poden ser executados os bombeos de maneira previa ao colector final de enlace coa rede de saneamento de Sillobre). Tal posibilidade habería de ser analizada, en tal caso, de xeito detallado.

3.- En canto ás solucións técnicas do proxecto poden analizarse dende criterios de disposición e de materiais empregados.

Polo que se refire á disposición tanto do abastecemento como do saneamento, ambas as dúas redes veñen condicionadas topolóxicamente e formalmente pola dispersión da poboación dos núcleos servidos, da topografía e da dispoñibilidade ou ubicación dos puntos de conexión ás redes actualmente existentes (rede de saneamento de Sillobre) ou en proxecto (abastecemento proxectado a Magalofes) así como pola rede viaria sobre a que se establecen de maneira maioritaria as conduccións.

En consecuencia, da análise das solucións plantexadas, aspectos técnicos de materiais, normativa técnica de aplicación, etc., o proxecto adáptase aos requirimentos de aplicación, pode considerarse correcto neste aspecto e por tanto infórmase favorablemente en canto a aspectos técnicos.

En particular considérase necesario, como así se proxecta, que as bombas de cada pozo de bombeo teñan ciclos de funcionamento alternativo a fin de igualar aproximadamente os tempos de funcionamento.

Polo que se refire aos materiais empregados para as conduccións, accesorios, materiais de reposicións, etc., son de uso habitual polo que tamén neste punto o proxecto pode considerarse correcto, a reserva do que, ao respecto da rede de abastecemento poida informar Sanidade en función das competencias por lonxitude da rede proxectada.

4.- Nos aspectos de tipo urbanístico e de servizos debe considerarse a clasificación dos solos aos que afectan as obras e instalacións proxectadas.

O plano 2, follas 1 a 4 do proxecto, recolle sobre planos de clasificación do solo do PXOM/Rev. 98 a traza das conduccións podendo apreciarse os distintos tipos de solos afectados (no senso de vias sobre os que se dispoñen as conduccións que cruzan distintos solos): S.R.E.P.A., S.R.E.P.R., S.N.R. e S.R.A.U.

Así, a conducción de abastecemento entre o depósito regulador de Magalofes e San Marcos discorre pola estrada provincial CP-3503, incluída dentro do sistema xeral de comunicacións viarias (SGCV) do PXOM/Rev. 98 de Fene cunha largura prevista de 25 m que cruza Solo Rústico de Especial Protección Ambiental (S.R.E.P.A.) adicado fundamentalmente a cultivos forestais de eucalipto.

As mesmas características posúe a estrada CP-1503 pola que discorren os colectores de abastecemento e saneamento, éste ata a conexión coa rede urbana de Sillobre.

Tanto en abastecemento como en saneamento sérvense coas obras proxectadas os núcleos rurais (S.N.R. segundo PXOM/Rev. 98) de San Marcos, Ameneiro, Brea, Ribeira e Belette, creando unha rede mixta, parcialmente mallada e ramificada para o abastecemento e ramificada para o saneamento.

A realidade é que, nos casos de San Marcos, Ameneiro, Brea, Ribeira e Belette, ao estar os S.N.R. rodeados de S.R.A.U. resulta imposible prestar servicio aos primeiros sin cruzar polos segundos.

Puntualmente sérvense ademais os lugares de Barreiro (abastecemento + saneamento), Curveira (saneamento), Rañoa (abastecemento), A Gándara e Buio (abastecemento + saneamento), todos eles situados segundo vixente PXOM/Rev 98 en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.), clasificación pouco coherente coa realidade de ocupación do territorio que debera corresponder, alomenos parcialmente e con mellor ordenación efectiva, a solos de núcleo rural á vista da consolidación, emprazamento respecto do solo urbano de Sillobre e mesmo organización formal da ocupación, tipoloxía e antigüidade da maior parte das edificacións existentes.

Non se considera de xeito particular a situación de paso ao longo das estradas provinciais CP-1503 e CP-3503 que cruzan S.R.E.P.A. por canto as conduccións discorren a longo das referidas infraestruturas viarias, ambas dúas incluídas dentro do Sistema Xeral de Comunicacións Viario pero sin prestar servicio directo a parcelas que poidan estar situadas en S.R.E.P.A.

En canto ás obras proxectadas, e á vista das actuacións prohibidas en S.N.R. segundo Art. 28 da L.O.U.P.M.R.G. resulta que ao non estar recollidas expresamente dentro das prohibidas serán admisibles sin condicións dentro dos Solos de Núcleo Rural.

Agora ben, tal e como se recolle no plano adxunto a este informe, extraído do 22.22 "Clasificación do solo e usos globais. Estrutura orgánica do territorio", as obras sitúanse nas inmediacións ou zonas de afección dos seguintes elementos catalogados do PXOM/Rev. 98:

- Nº 84: Rueiro de Belette Norte: Área de conservación ambiental tradicional intensiva con nivel de protección xenérica.
- Nº 85: Rueiro de Belette Sur: Área de conservación ambiental tradicional intensiva con nivel de protección xenérica.
- Nº 86: Cruceiro do Ameneiro: Nivel de protección integral (non existe afección práctica ao dispoñerse as conduccións polo viario).
- Nº 87: Rueiro de O Ameneiro: Área de conservación ambiental tradicional intensiva con nivel de protección xenérica.
- Nº 88: Rueiro de Brea: Área de conservación ambiental tradicional intensiva con nivel de protección xenérica.
- Nº 92: Rueiro de A Ribeira: Área de conservación ambiental tradicional intensiva con nivel de protección xenérica.
- Nº 93 / 93 b: Edificio na Ribeira con escudo: Edificio catalogado con protección integral e parcela protección xenérica.
- Nº 95: Capela de San Marcos (non se ve realmente afectada pola ubicación das conduccións).

Á vista da regulación e condicións do PXOM/Rev. 98 para tales elementos, referida a actuacións de tipo edificatorio, resulta a xuízo do funcionario que suscribe que na práctica non existe

interferencia das obras proxectadas (instalacións de servizo urbano soterradas con reposición dos pavimentos) cos valores a protexer nos elementos catalogados citados. Sin perxuízo do anterior, e por razóns competenciais procede que se tramite o proxecto a Patrimonio para informe.

Por outra parte, polo emprazamento pois parcial das obras proxectadas en S.R.A.U. resulta de aplicación o previsto nos Arts. 33, 34 e 36 da L.O.U.P.M.R.G. 9/2002 modificada pola 15/2004 en canto á admisibilidade ou non da actuación en solo rústico.

En efecto, o Art. 36.1 da L.O.U.P.M.R.G. establece dentro dos usos en solo rústico de protección ordinaria (aplicable ao S.R.A.U.) permitidos por licenza municipal as instalacións recollidas no Art. 33.2.f): "f) Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren", de maneira que as redes de abastecemento e saneamento que se proxectan está incluídas dentro das citadas.

Caben dúas referencias segundo se considere a aplicación da competencia para autorización da obra que corresponde pois ao Concello, ou ben a admisibilidade da mesma por razón de consideración da urbanización que poida implicar.

Esta situación conduce á contradición existente e xa apuntada en casos similares de anteriores proxectos, entre o Art. 26 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, que establece que os concellos deben prestar aos cidadáns, sin diferenciación de ubicación no territorio, os servizos de abastecemento e saneamento (**Art. 26. 1. Los Municipios por sí o asociados deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes: En todos los Municipios: a) Alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población, pavimentación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas. ...**) e os Arts. 33.2.f) e 36.1 da L.O.U.P.M.R.G. en canto á restricción da implantación de servizos urbanos en solo rústico.

Neste senso, é evidente que a instalación de un ou de ambos servizos de abastecemento e/ou saneamento nunha zona de solo rústico como corresponde ás zonas de Barreiro (abastecemento + saneamento), Curveira (saneamento), Rañoa (abastecemento), A Gándara e Buió (abastecemento + saneamento) sí que implica unha certa urbanización "de facto" ao facilitar este servizo aos propietarios de vivendas e parcelas aínda que non supoña unha recalificación de dereito das mesmas xa que non se acompaña en paralelo dunha modificación ou reclasificación de solo de maneira que pode entrar en contradición segunda disposición que se considere prevalente, o Art. 26 da Lei 7/1985 ou Art. 33.2.f) da Lei 9/2002.

Polo tanto, e seguindo criterios da Deputación Provincial ó respecto para casos similares, resultaría admisible a instalación considerada de abastecemento e/ou saneamento como colector/es de sistema xeral das respectivas redes de maneira que os propietarios afectados custeen as conexións das parcelas e vivendas ata os devanditos colectores.

En todo caso, e á vista do previsto nos Arts. 36 e 41 da L.O.U.P.M.R.G. a efectos da interpretación correcta sobre o caso cabería tramitar a oportuna solicitude de autorización autonómica para a instalación dos servizos proxectados.

5.- Debe poñerse de manifesto para análise pola Corporación que, como resulta coñecido, o núcleo de San Marcos pertence en parte a Fene, en parte a Cabanas, sendo a liña fronteira de separación a estrada provincial CP-3503.

Esto fai que, si ben a maior parte da poboación do núcleo de San Marcos se sitúa ao Norte da CP-3503 e por tanto en Fene, deberá contemplarse que na marxe Sur existen varias vivendas ubicadas no Concello de Cabanas a efectos dunha posible ampliación de rede ou prestación de

servizo a tales vivendas (de maneira similar ao que ocorre no polígono industrial “Vilar do Colo” coas parcelas ubicadas en Cabanas e servidas dende a rede de Fene).

A maiores, resulta ademais que, como se aprecia no Plano 4, folia 3 de 8, nun tramo de 160 m da CP-3503 ao Oeste da intersección coa CP-1503 a delimitación de concellos Fene – Cabanas coincide sensiblemente coa cuneta da beira Norte da CP-3503 polo que, agás que se desprace neste tramo a conducción de abastecemento, o que non resulta convinte, nesta lonxitude de 160 m as obras de abastecemento sitúanse xeográficamente en Cabanas aínda que dentro da zona de dominio público da estrada provincial CP-3503.

Requerirase pois autorización do Concello de Cabanas para execución das obras, sin perxuízo da propia da Deputación Provincial por afección á citada CP-3503.

6.- Aínda que a rede de saneamento dispón de dúas impulsións, a maior parte da mesma discorre mediante lámina libre por gravidade, o que resulta condicionado pola topografía. Ésta impide que en todos os casos e tramos as conduccións poidan discorrir seguindo viais públicos.

En tales tramos: ramais S.1 e S.1.1 en A Ribeira; Colector S entre e O Barreiro e A Ribeira, Ramal P.1.2 e Ramal P.1.3 en Buio, requírese a disposición parcial das conduccións a través de parcelas privadas. Naturalmente, a dispoñibilidade das parcelas afectadas, ben por adquisición, outorgamento de servidume a favor do Concello para instalación e servizo da conducción ou calquera outro medio válido en dereito, será imprescindible para a posibilidade de execución das obras.

Polo tanto, a reserva das restantes consideracións sobre as obras, a este respecto procede indicar que o proxecto non contén unha relación detallada das parcelas afectadas por tal situación de maneira que, sin tal relación e a garantía de disposición ou posibilidade das mesmas non se poderá elaborar a correspondente acta de replanteo.

Esta documentación pode ser completada de maneira complementaria fóra do proxecto.

7.- Seguindo criterios de proxectos similares, o proxecto só contempla os colectores e ramais ao longo dos viais, sin acometidas a particulares que deberán costearse pola súa conta as acometidas a vivendas.

8.- Debo facer referencia a que os diámetros establecidos para as conduccións de abastecemento son, en certos tramos, superiores aos mínimos necesarios por caudais máximos estimados, situación que aínda empeorará si, en tramos extremos dos ramais non se producen consumos importantes continuos (p. ex, porque exista un número reducido de abonados), en cuxo caso o estancamento da auga pode dar lugar a unha perda de desinfección da mesma.

Aínda que no depósito de Magalofes do que se servirá a rede de San Marcos e entorno se prevé dispoñer un re-clorador, para evitar a situación antes apuntada debería establecerse con AQUAGEST, como empresa concesionaria da explotación da rede de abastecemento, un programa de análise periódica das condicións de desinfección en puntos extremos da futura rede. Este aspecto non pode ser considerado no proxecto senón que debe considerarse como parte da explotación do servizo.

9.- Para os bombeos de augas residuais será preciso realizar as correspondentes acometidas á rede de enerxía eléctrica. Tales acometidas non están garantizadas en canto a “punto de entronque” coa rede eléctrica senón que tal punto haberá de ser fixado durante a execución das obras por parte da compañía suministradora. Por tanto, debe entenderse que os importes previstos no proxecto para tales unidades poden verse afectados en función da lonxitude final necesaria das citadas acometidas.

Tamén e respecto dos bombeos, cada un deles dispón do necesario desaugue para o caso de fallo das bombas ou calquera situación de emerxencia (falta prolongada de enerxía eléctrica, etc.). Isto conleva que, en situacións puntuais pode ser necesario realizar vertidos de augas residuais

que, indefectiblemente, acabarán no cauce do Río Beelle que é aproveitado augas abaixo para captación de abastecemento de auga para Ferrol / Ministerio de Defensa.

Requerirase pois a tramitación da correspondente “Autorización de Vertido” por parte de Augas de Galicia para os casos puntuais de emerxencia citados dende os bombeos.

10.- No proxecto propónse un prazo de execución de 8 meses e unha esixencia de clasificación do contratista dentro do Grupo E, Subgrupo 1 “Abastecementos e saneamentos”, Categoría e.

A proposta de clasificación E-1 considérase perfectamente axeitada á realidade do tipo de obras.

Sen embargo, polo que respecta á categoría, a aplicación do Art. 36.6 do R.X.C., considerando como importe do prezo total do contrato o importe de licitación (a reserva de que se poida producir unha baixa que reduza o importe real total final ata unha categoría inferior e considerando no importe total do prezo o I.V.E.): 1.810.706,07 €, e o prazo de execución de oito (8) meses conduce a unha anualidade media de importe:

$$1.810.706,07 \times (12 / 8) = 2.716.059,10 \text{ €} > 2.400.000,00 \text{ €}$$

Polo que a clasificación requirida debería ampliarse ata a categoría f) en aplicación do Art. 26 do R.X.C., agás que no importe se considere a interpretación do Art. 76 da L.C.S.P. (“o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total, sin incluir o Imposto sobre o Valor Engadido ...”) que reduciría a anualidade a:

$$1.560.953,51 \times (12 / 8) = 2.341.430,27 \text{ €} < 2.400.000,00 \text{ €}$$

que xa corresponde a categoría e).

Por razóns competenciais este punto de posible contradicción normativa deberá ser resolto polo correspondente informe xurídico.

En todo caso, este punto pode ser incluído no prego de cláusulas da licitación con modificación do que ao respecto indique o proxecto sin que se requira modificación do proxecto.

11.- Como se indicou, as conducións de abastecemento e saneamento discorren na maior parte dos respectivos trazado polas beiras das Estradas Provinciais CP-3503 e CP-1503, ambas dúas de titularidade da Deputación Provincial.

Requerirase por tanto a tramitación e autorización pois da citada Administración das obras, coas condicións que se establezan no seu caso, para a aprobación do proxecto.

12.- En resume, o proxecto resulta tecnicamente admisible polo que procede informe previo favorable sobre tal aspecto.

Nos aspectos urbanísticos remítense ao punto 4 de este informe no relativo á instalación de servizos en S.R.A.U. que resultará admisible si se entende que as obras non implican a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. En todo caso, para maior seguridade xurídica cabe tramitar á C.P.T.O.P.T. da Xunta de Galicia a oportuna solicitude de autorización.

13.- Reitérase que dado que se cruzan ou se discorre por viais maioritariamente non municipais (CP-3503 e CP-1503, titularidade da Deputación Provincial), e que ademais existen outras afeccións potenciais a elementos catalogados e ao cauce do Beelle por posibles vertidos accidentais deben requirirse as necesarias autorizacións aos seguintes organismos:

- Deputación Provincial, como titular das estradas provinciais CP-1503 e CP-3503.
- Patrimonio, polas afeccións de proximidade aos elementos catalogados (S.N.R.).

- Augas de Galicia.

Ademais do feito de que a condución de auga no propio núcleo de San Marcos accede a través da CP-3503 pola marxe dereita pero este tramo da estrada está, nunha lonxitude de 150, integramente en Cabanas, de maneira que se precisará a autorización do devandito Concello.

Calquera posible condición que impoñan tales organismos deberá ser incluída no Proxecto previamente á aprobación definitiva e licitación no seu caso.

Faise constar que posibles modificacións esixidas na tramitación das citadas autorizacións poderían requirir unha variación do presuposto.

14.- Ademais do anterior e considerando que a lonxitude total dos novos tramos do abastecemento supera amplamente os 500 m, en aplicación do Art. 13.1 do Real Decreto 149/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano, a autoridade sanitaria deberá elaborar un informe sanitario vinculante sobre o proxecto relativo a este aspecto, polo que a aprobación quedaría condicionada tamén en todo caso á cumplimentación de tal trámite en senso favorable aínda que técnicamente a solución proxectada é correcta en canto a materiais como se indicou anteriormente.

Todo isto sin perxuízo do indicado no punto 8 de este informe respecto da seguridade sanitaria da explotación da rede de abastecemento.

15.- O Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición establece no Art. 4 a obriga do produtor de R.C.D. de incluír no proxecto de execución da obra un estudo de xestión de residuos, que resultaría de aplicación ás obras.

Ahora ben, dado que o devandito R. D. 105/2008 entrou en vigor o 14 de febreiro de 2.008 e que a disposición transitoria única exclúeo de aplicación aos proxectos de obras de titularidade pública cuxa aprobación se produza no prazo de un ano dende a entrada en vigor, pola previsión de aprobación do proxecto que se informa antes do 14 de febreiro de 2.009, considérase que non resulta esixible o requirimento de inclusión de estudo de xestión de residuos xenerados na construción das obras de abastecemento e saneamento que se informan.

16.- Finalmente, exposto todo o anterior debo facer referencia obrigada ao punto 1.3 do Prego da "Concesión da explotación dos servizos Municipais de Abastecemento de auga e da rede de Saneamento do Concello de Fene" adxudicado a AQUAGEST, no que se establece a *obriga do concesionario de informar a asesorar tecnicamente á Corporación sobre todo o relativo aos servizos de auga e rede de saneamento*, polo que, tendo en conta que o Proxecto analizado afectará sensiblemente á rede e condicións do abastecemento en Fene tanto pola nova lonxitude como polas instalacións de bombeo e depósito, procede de forma obrigatoria o informe de AQUAGEST que poderá condicionar as anteriores consideracións.

17.- Todo o anterior queda condicionado, no caso da rede de abastecemento, á existencia previa do abastecemento a Magalofes, do que parte o proxectado para servizo a San Marcos. No caso de inexecución ou execución posterior do abastecemento a Magalofes das propias obras que aquí se informan, o abastecemento a San Marcos e núcleos do entorno en Sillobre non poderá entrar en servizo.

Asimesmo reitérase que resulta imprescindible dispor da titularidade ou servidume a favor do Concello das parcelas privadas afectadas pola instalación de varios tramos de saneamento.

O que se informa en Fene, aos efectos oportunos, a 19 de decembro de 2.008.

O Enxeñeiro de Camiños Municipal .Lino Ameneiro Seijo."

Vista a nota informativa de Secretaría núm. 91/2008 de data 19 de decembro de 2008, que transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

91/2008

Téndose entregado nesta Secretaría no día da data ás 10:30 horas o proxecto técnico “Proxecto de abastecemento e saneamento de fecais en núcleos rurais de San Marcos” e informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal verbo de dito proxecto de data 19 de decembro de 2008 , en uso das atribucións conferidas á Secretaría da Corporación polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría, coas limitacións propias desta nota e do escaso tempo hábil con que contou para o exame do asunto , fánse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA – CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil con que contou esta Secretaría para o exame do proxecto e do informe do enxeñeiro de camiños canles e portos municipal verbo do mesmo (a documentación, como se indicou, entrégase a esta Secretaría ás 10:30 horas do día da data) o que impide a emisión dun informe dacordo có disposto na normativa de aplicación e facer unhas consideracións máis axeitadas , polo que as consideracións que seguen poden ser ulteriormente ampliadas e/ ou matizadas.

En todo caso, pola que subscribe , como xa se ten solicitado en anteriores ocasións, solicítase que os expedientes se entreguen nesta Secretaría con tempo suficiente ao obxecto de poder exercer axeitadamente as funcións de asesoramento legal e exame de expedientes atribuídas pola normativa vixente.

Polo que respecta ao presente expediente, solicítase expresamente a concesión un maior prazo para proceder ao estudio e emisión de informe dacordo có disposto na normativa de aplicación.

Primeira.- Con carácter previo cómpre sinalar que o proxecto que se examina figura redactado polo enxeñeiro de camiños D. Marcelino López Méndez, de PROYFE,S.L., den que conste a existencia de contrato de servizos entre este Concello e PROYFE para a elaboración do citado proxecto.

En relación a este extremo por esta Secretaría remítase ao sinalado en anteriores informes e notas informativas polo que, polos motivos expostos nas/os mesmas/os, ao non poder ser considerados os servizos como contratos menores , sempre e cando se atopara debidamente xustificada a necesidade da contratación(mediante informe do servizo correspondente- artigo 73.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas) o contrato para a elaboración do proxecto débese adxudicar a traves dos procedementos e formas de adxudicación establecidos na Lei 9/2002, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público(LCSP), dacordo cos principios de publicidade , libre concorrancia ,igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei polo que se informa que o feito de contratar verbalmente o servizo de elaboración do proxecto técnico , prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido infrinxe a legalidade.

Segunda.- Coas limitacións anteriormente citadas, fánse as seguintes consideracións:

2.1.- O proxecto que se presenta nesta Secretaría non contén ningunha dilixencia acreditativa de que é o mesmo o que se refire o informe do enxeñeiro municipal anteriormente citado.

Por outra banda, non consta informe de supervisión do proxecto nin no proxecto dilixencia de dita supervisión . Ao tratarse dunha obra cun presuposto superior a 350.000 euros, , dacordo co disposto na lexislación vixente, é preceptivo dito informe de supervisión do proxecto.

Entende, polo tanto, a que subscribe , sen prexuízo do que logo se dirá en canto ao fondo do asunto, que desde o punto de vista formal, cómpre con carácter previo subsanar os extremos anteriormente citados.

2.2. En canto ao proxecto técnico, desde o punto de vista urbanístico, infórmase- coas limitacións antes apuntadas e, polo tanto, sen prexuízo doutras consideracións que poidan facerse una vez examinada con máis determento a documentación- o seguinte:

2.2.1.- Segundo se informa polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 19 de decembro de 2008, “ *Tanto en abastecemento como en saneamento sérvense coas obras proxectadas os núcleos rurais (S.N.R. segundo PXOM/Rev.98) de San Marcos, Ameneiro, Brea, Riveira e Belelle, creando una rede mixta, parcialmente mallada e ramificada para o abastecemento e ramificada para o saneamento.*

A realidade é que nos casos de San marcos, Ameneiro, Brea, Ribeira e Belelle, ao estar os S.N.R. rodeados de S.R.A.U. resulta imposible prestar servicio aos primeiros sin cruzar polos segundos.

Puntualmente sérvense ademáis os lugares de Barreiro (abastecemento + saneamento), Curveira (saneamento), Rañoa (abastecemento), A Gándara e Buió (abastecemento + saneamento), todos eles situados segundo vixente PXOM/Rev 98 en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.), clasificación pouco coherente coa realidade de ocupación do territorio que deberá corresponder, alomenos parcialmente e con mellor ordenación efectiva, a solos de núcleos rural á vista da consolidación, emprazamento respecto do solo urbano de Sillobre e mesmo organización formal da ocupación, tipoloxía e antigüidade de maior parte das edificacións existentes.....”

Polo que respecta ás obras proxectadas en solo rústico cómpre sinalar o seguinte:

O artigo 36.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece como un dos usos permitidos por licenza municipal en solo rústico de protección ordinaria os sinalados no artigo 33.1 f), é dicir “ Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.”

Establece a Lei no artigo 33.1.f) anteriormente transcrito as seguintes condicións para poder autorizar as instalacións ou redes ás que fai referencia ; que non impliquen a urbanización ou a transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

A xuízo da que subscribe, o abastecemento e saneamento implica unha obra de urbanización , é dicir, aínda que as parcelas carezan doutros servizos, o certo é que dotarlles de saneamento supón unha certa urbanización das mesmas (nos supostos examinados prevéase a execución dun colector e ramais)

Agora ben, débese ter en conta que o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que “*Los Municipios por si o asociados deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes: a) En todos los Municipios: Alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, accesos a los núcleos de población, pavimentación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas(....).* En termos similares se pronuncia o artigo 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, ao sinalar que “*Los municipios,*

independientemente o asociados , prestarán, como mínimo, los siguientes servicios: a) En todos los municipios. Alumbrado público, cementerio, recogida selectiva, en su caso, de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población, pavimentación y conservación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas en todo lo que no sea competencia de otras Administraciones". E o artigo 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que son dereitos e deberes dos veciños (...) g) esixir a prestación e, en todo caso, o establecemento do correspondente servizo público no suposto de constituir unha competencia municipal de carácter obrigatorio.

No suposto examinado, como se indicóu, non se cumpre o disposto na lexislación urbanística , en concreto o disposto no artigo 33.1 f) da Lei 9/2002.

Polo exposto en relación a este extremo, por esta Secretaría se considera procedería elevar consulta á Dirección xeral de urbanismo.

2.2.2.- No informe enxeñeiro municipal sinálase, entre outras cousas que *"...a conducción de auga no propio núcleo de San Marcos accede a través da CP-3503 pola marxe dereita pero este tramo de estrada está, nunha lonxitude de 150, íntegramente en cabanas, de maneira que se precisará a autorización do devandito Concello....."*. En relación a este extremo, infórmase que este concello non ten competencia nestes 150 metros que , segundo informa o técnico municipal, discorren polo Concello de Cabanas.

2.2.3.- Á vista de que, segundo se informa polo técnico municipal requírense as autorizacións dos organismos que no mesmo se especifican, a xuízo da que subscribe, tendo en conta que cuando se trata de obras municipais, mediante a aprobación do proxecto técnico se realizan os mesmos controis das licenzas de obras e, por iso a substitúen e a fan innecesaria (STS de 18-4-2000, entre outras), con carácter previo á aprobación do proxecto deben constar ditas autorizacións, non procedendo, polo tanto a aprobación do mesmo, xa que non constan na documentación examinada ditas autorizacións.

En atención ao exposto infórmase **desfavorablemente** o "Proxecto de abastecemento e saneamento de fecais en núcleos rurais de San Marcos", polo que, a xuízo da que subscribe, **non procede** a súa aprobación.

Non se estudian os restantes aspectos do expediente por falta de tempo hábil para elo e porque, polos motivos expostos, non procede a aprobación do proxecto citado.

En todo caso, reitérase a solicitude de que se conceda á que subscribe un maior prazo para o exame do expediente, aos efectos de contar con tempo suficiente para o seu estudio e exame e emitir o informe xurídico preceptivo dacordo co que dispón a normativa aplicable.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa catro (4) planas. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo escaso tempo hábil con que contou a que subscribe para o exame da documentación requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas nun informe emitido dacordo co que dispón a normativa de aplicación.

Fene, 19 de decembro de 2008.

A SECRETARIA

Asdo: Pilar María Pastor Novo."

Considerando que, tras negociacións verbais do grupo de goberno coa Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible, polo Director Xeral de Augas de Galicia adoptóuse o

compromiso verbal de financiar e executar a obra anteriormente referenciada, sempre que a elaboración do proxecto fose asumida polo Concello.

Considerando urxente proceder á aprobación do proxecto elaborado ao obxecto de remitir o mesmo ao citado organismo, toda vez que o compromiso adquirido polo grupo de goberno foi o da súa remisión, unha vez aprobado, no mes de decembro.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico de “Abastecemento e saneamento de fecais en núcleos rurais de San Marcos” redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Don Marcelino López Méndez de data novembro de 2008, cun presuposto de execución por contrata de 1.810.706,07 euros, condicionando a eficacia do presente acordo á obtención da autorización da Deputación Provincial da Coruña, como titular das estradas CP-1503 CP-3503, ao Servizo de Patrimonio, polas afeccións de proximidade aos elementos catalogados, ao organismo autónomo Augas de Galicia, ao Concello de Cabanas; así como os informes favorables da autoridade sanitaria e de AQUAGEST.

Segundo.- Someter o proxecto técnico citado a exposición pública por un prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Adoptar o compromiso de realizar os trámites pertinentes en orde a obter a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución da referida obra e a obtención das autorizacións necesarias.

Cuarto.- Solicitar ao organismo autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras.

Quinto.- Remitir certificación do presente acordo, xunto cun exemplar do referido proxecto técnico á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Augas de Galicia.

Sexto.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a realización dos trámites necesarios para a xestión do presente acordo.

Fene, 22 de decembro de 2008
O alcalde
Asdo.- Iván Puentes Rivera.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o seu voto vai ser favorable pero quere facer constar que se lles achega o informe técnico con bastante premura; que consta dunha serie de salvedades respecto ás autorizacións, e o que lles chama a atención e que xa ten pasado aquí, é o tema de que non hai relación dos propietarios privados polo que no seu momento haberá que axilizar este tema. Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención dicindo que o informe de Secretaría lles acaba de chegar e que isto está a suceder continuamente e estanse a minguar os seus dereitos como Concelleiros; di que saben que efectivamente esa constancia do escaso tempo hábil que fai constar a Secretaria e que se ela non tivo tempo hábil eles tiveron moito menos, e que isto estase a producir constantemente, cando o proxecto estaba aquí no Concello.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que quere facer constar que que eles están limitados polo tempo que levou facer o proxecto técnico, emitir o informe técnico e logo o xurídico, que son os prazos nos que se moven, e igual hai que pedirlle á Comunidade Autónoma que nestes casos amplíe os prazos para poder executar este tipo de obras, pero que é certo tamén que están en varias ocasións véndose en situacións deste tipo pero eles ,como goberno ,vense apremados polos prazos que o goberno autonómico da para remitir este tipo de obras e hai que remitilos para non perder este investimento e poder dotar a San

Marcos e á parte alta de Sillobre de auga e alcantarillado, e que no momento que se rematou o informe técnico foi remitido a Secretaría para informe xurídico e traelo a pleno; que é certo que na oficina técnica votou un certo tempo á espera de poder ser informado.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2008, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2008 que deven en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dez horas e cincuenta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.